

BASES DA CONVOCATORIA DO CAMPAMENTO DE NADAL 2018

O Concello de Val do Dubra pon en marcha para o mes de DECEMBRO de 2018, dirixido a nenas e nenos de 3 a 12 anos, un programa de entretemento para os períodos de vacacións escolares. O obxectivo deste programa é ofertar unha alternativa que facilite aos pais e nais a conciliación da vida familiar e laboral, e as/os nenas e nenos pasar unhas vacacións divertidas e educativas.

1. DESTINATARIAS/OS:

Poden participar calquera nena ou neno con idade comprendida entre os 3 e os 12 anos, que estean empadroados no Concello de Val do Dubra. No caso de que queden prazas vacantes poderán acceder nenas e nenos non empadroadas/os, co cal inscribiremos a todas e todos.

2. INSCRICIÓN:

Para poder participar deberán cubrir:

- * A ficha de inscrición.
- * Resgardo da folha de taxas de ter aboado o custo do servizo.
- * Fotocopia da tarxeta sanitaria da/o nena/a.
- * Impresos de autorización.
- * Autorización para o traslado en caso de accidente.

Estes documentos deberán entregarse como data límite o **19 DE DECEMBRO** ás 13:00h.

3. DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO:

Este servizo desenvolverase de 10:00h da mañá ás 14:00h.

Días de Campamento do **24,26,27,28 e 31 decembro 2018 e 2,3 e 4 de xaneiro 2019.**

4. LUGAR DE DESENVOLVEMENTO:

Centro de formación ocupacional- Aula de maiores.

5. CUSTO DA ACTIVIDADE:

O custo da actividade será de **32€ por nena/o**. No caso de irmás ou irmáns o custe verase reducido nun **50%** para o segundo e sucesivos.

A forma de pago será mediante ingreso no seguinte número de conta:

BANCO PASTOR ES52-0238-8204-1606-6000-0173

6. A inscrición no programa supón a aceptación e o compromiso destas normas.